



## Facultade de Comunicación

## Grao en Comunicación Audiovisual

### Materias

#### Curso 4

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
P04G071V01401	Propaganda en medios audiovisuais	1c	6
P04G071V01402	Guión, produción e realización de informativos	1c	12
P04G071V01403	Desenvolvemento de proxectos web	1c	6
P04G071V01404	Análise e crítica audiovisual	1c	6
P04G071V01405	Guión, produción e realización de programas de entretemento	1c	6
P04G071V01406	Creación audiovisual en novos medios	1c	6
P04G071V01407	Entretemento interactivo: Videoxogos	1c	6
P04G071V01408	Posproducción II: Efectos visuais	2c	6
P04G071V01409	Aplicacións móbiles	2c	6
P04G071V01410	Produción e realización de contidos de marca	2c	6
P04G071V01411	Perfís profesioanis en redes sociais	2c	6
P04G071V01981	Prácticas en empresa	2c	12
P04G071V01991	Traballo de Fin de Grao	2c	6

**DATOS IDENTIFICATIVOS****Propaganda en medios audiovisuais**

Materia	Propaganda en medios audiovisuais			
Código	P04G071V01401			
Titulación	Grao en Comunicación Audiovisual			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	4	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Comunicación audiovisual e publicidade			
Coordinador/a	Dafonte Gómez, Alberto			
Profesorado	Dafonte Gómez, Alberto			
Correo-e	albertodafonte@uvigo.es			
Web	<a href="http://about.me/albertodafonte">http://about.me/albertodafonte</a>			
Descrición xeral	Esta materia aborda as claves fundamentais do discurso propagandístico ao longo da súa evolución histórica e o estudo das súas técnicas retóricas e os seus efectos a través dos medios audiovisuais			

**Resultados de Formación e Aprendizaxe**

Código				
B1	Coñecer as características esenciais da comunicación, os seus elementos e os seus resultados.			
B3	Aplicar técnicas e procedementos da composición da imaxe aos diferentes soportes audiovisuais, a partir do coñecemento das leis clásicas e dos movementos estéticos e culturais da historia da imaxe.			
B4	Expoñer os resultados dos traballos académicos de maneira escrita, oral ou por medios audiovisuais ou informáticos de acordo aos canons das disciplinas da comunicación.			
B5	Coñecer os valores constitucionais, principios éticos e normas deontolóxicas aplicables á comunicación audiovisual, en especial as relativas á igualdade de homes e mulleres, á non discriminación de persoas con discapacidade e ao uso non sexista da imaxe feminina nos medios de comunicación de masas.			
B6	Traballar en equipo e comunicar as propias ideas mediante a creación dun ambiente propicio.			
C13	Conocer la historia y evolución del lenguaje y géneros audiovisuales a través de sus propuestas estéticas e industriales.			
C14	Coñecer e aplicar os recursos, métodos e procedementos empregados na construción e análise dos relatos audiovisuais			
D2	Comunicar por oral e por escrito na lingua galega.			
D3	Sustentabilidade e compromiso ambiental. Uso equitativo, responsable e eficiente dos recursos.			

**Resultados previstos na materia**

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecer a historia e evolución da fotografía, cinema, radio e televisión en función do seu emprego como medio de propaganda política, poñendo de manifesto a súa relevancia social e cultural ao longo do tempo	B1	C13		
Comprender e integrar os novos medios tecnolóxicos e a evolución das linguaxes audiovisuais na transmisión e modernización das mensaxes publicitarias de índole política	B5	C14		
Coñecer os modelos psicolóxicos especificamente desenvolvidos para a comunicación visual e a persuasión a través da imaxe e o son	B1 B3	D2		
Analizar relatos audiovisuais, atendendo aos parámetros básicos da análise de obras audiovisuais, considerando as mensaxes visuais como produto de condicións sociopolíticas e culturais dunha época histórica determinada.	B4	C13	D2	
Expor de forma idónea os resultados dos traballos académicos de maneira oral ou por medios audiovisuais ou informáticos conforme aos canons das disciplinas da comunicación.	B3 B6	D2		
Demostrar capacidade de adaptación aos cambios empresariais, para traballar en equipo, asumir riscos, tomar decisións, facer autocrítica e desenvolver unha conciencia solidaria.	B5 B6	D3		

**Contidos**

Tema				
1. Fundamentación teórica.	Orixe e evolución do concepto de propaganda Definición contemporánea de propaganda Tipoloxías da propaganda			
2. Principios e técnicas da propaganda.	Da Antigüidade á I Guerra Mundial. Leccións das Guerras Mundiais. Técnicas de propaganda.			

3. Persuasión e ciencia do comportamento	Persuasión e retórica Inferencias e falacias Heurísticos e sesgos cognitivos
4. Perspectiva histórica da propaganda audiovisual	Casos paradigmáticos en Europa Casos paradigmáticos en España Casos paradigmáticos en Estados Unidos
5. Perspectiva contemporánea da propaganda e a desinformación no mundo.	A desinformación como arma propagandística. Tipos de desinformación. Alfabetización dixital e mediática contra a desinformación.

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	20	24	44
Prácticas con apoio das TIC	4	0	4
Seminario	10	8	18
Aprendizaxe-servizo	14	48	62
Exame de preguntas obxectivas	2	20	22

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	As sesións maxistras baséanse no traballo semanal realizado de forma autónoma polo alumnado. Sobre a base do coñecemento previo adquirido polo alumnado desenvolveranse os contidos teóricos da materia.
Prácticas con apoio das TIC	As sesións maxistras combínase coa realización de tarefas a través de plataformas dixitais.
Seminario	Actividades de análise e reflexión desenvolvidas dentro das sesións prácticas, necesarias para desenvolver o proxecto de ApS
Aprendizaxe-servizo	Realización do contido audiovisual desenvolvido dentro do marco xeral da Aprendizaxe-servizo e redacción do portfolio do proxecto

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Seguemento personalizado de dúbidas relativas ás sesións de aula tanto en horario de clase coma en titorías e na plataforma de teledocencia
Aprendizaxe-servizo	Seguemento personalizado dos traballos propostos tanto en horario de clase coma en titorías e na plataforma de teledocencia
Seminario	Seguemento personalizado de dúbidas relativas ás sesións de aula tanto en horario de clase coma en titorías e na plataforma de teledocencia

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Prácticas con apoio das TIC	As sesións maxistras combínase coa realización de tarefas a través de plataformas dixitais.	10	B1 C13 D2 C14
Seminario	Actividades de análise e reflexión desenvolvidas dentro das sesións prácticas, necesarias para desenvolver o proxecto de ApS	10	B5 C14 B6
Aprendizaxe-servizo	Desenvolvemento, gravación e edición dos contidos audiovisuais requeridos dentro do marco da Aprendizaxe-servizo e presentación de portfolio (traballo en grupo).	40	B3 C14 D2 B4 D3 B5 B6
Exame de preguntas obxectivas	Exame da materia abordada nas sesións teóricas e prácticas	40	B1 C13 B5 C14

### Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado deberá aprobar todas e cada unha das metodoloxías e probas descritas neste apartado para superar a asignatura. A asistencia aos seminarios é obrigatoria e a cualificación obtida neste punto ten influencia directa na cualificación individual relativa ao proxecto de Aprendizaxe-servizo.

O procedemento de avaliación descrito ata este punto é válido para o alumnado que opte pola avaliación continua e cumpra

coas entregas e prazos previstos ao longo do cuadrimestre.

En caso de que desexe optar por avaliación global, o alumnado deberá informar ao docente da súa renuncia expresa ao sistema de avaliación continua no prazo establecido polo centro para tal fin, axuntado cuberto e asinado o documento habilitado para tal fin. O procedemento de avaliación global é o descrito a continuación.

### **AVALIACIÓN GLOBAL DA MATERIA**

A proba de avaliación global realizarase na data e horarios previstos polo centro no calendario de exames oficial. O estudante deberá superar todas e cada unha das probas de avaliación previstas que se detallan a continuación obtendo unha cualificación mínima de 5 puntos en cada unha delas. Dada a extensión das probas o alumnado que se acolla a avaliación global deberá dispor de 4 horas para a realización das mesmas a partir da hora oficial de inicio do exame da materia segundo o calendario oficial.

A avaliación global consta das seguintes probas:

Proba 1. Exame da materia (40%)

Proba 2. Traballo de investigación proposto polo docente responsable (20%). Entrega a través de Moovi con límite na data do exame.

Proba 3. Desenvolvemento, gravación e edición dos contidos audiovisuais requeridos dentro do marco da Aprendizaxe-servizo e presentación de portfolio (40%). Entrega a través de Moovi con límite na data do exame.

A información sobre as probas de avaliación, o seu formato, extensión, rúbrica de avaliación e canles de entrega serán detalladas a través da plataforma Moovi. É responsabilidade do alumno ou alumna estar atento á información subida e recompilar a información específica e complementaria que sexa precisa para superar a materia.

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

#### **Bibliografía Básica**

Correas, María, **Fake news! Bulos que cambiaron el curso de la historia**, Titilante, 2019

Domenach, Jean Marie, **La Propaganda Política**, Buenos Aires, 1963

Ellul, Jacques, **Historia de la propaganda**, Monte Ávila, 1970

Huici Módenes, Adrián, **Teoría e historia de la propaganda**, Síntesis, 2017

Pizarroso Quintero, Alejandro, **Historia de la propaganda**, EUDEMA, 1992

Urbani, Shaydanay, **Guía básica de First Draft sobre cómo verificar información encontrada en línea**, First Draft, 2020

Wardle, Claire, **Guía básica de First Draft para comprender el desorden informativo**, First Draft, 2020

#### **Bibliografía Complementaria**

---

### **Recomendacións**

**DATOS IDENTIFICATIVOS****Guión, produción e realización de informativos**

Materia	Guión, produción e realización de informativos			
Código	P04G071V01402			
Titulación	Grao en Comunicación Audiovisual			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	12	OB	4	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Frade Fraga, Sergio			
Profesorado	Frade Fraga, Sergio			
Correo-e	sergio.frade@uvigo.gal			
Web				
Descrición xeral	Técnicas e procesos de elaboración dun guión para formatos informativos de tv. Técnicas, expresión e linguaxe audiovisual aplicado a produción e realización de informativos en tv. Técnica e deseño da iluminación e produción sonora para informativos en tv.			

**Resultados de Formación e Aprendizaxe**

Código				
B3	Aplicar técnicas e procedementos da composición da imaxe aos diferentes soportes audiovisuais, a partir do coñecemento das leis clásicas e dos movementos estéticos e culturais da historia da imaxe.			
B4	Expoñer os resultados dos traballos académicos de maneira escrita, oral ou por medios audiovisuais ou informáticos de acordo aos canons das disciplinas da comunicación.			
B6	Traballar en equipo e comunicar as propias ideas mediante a creación dun ambiente propicio.			
C13	Conocer la historia y evolución del lenguaje y géneros audiovisuales a través de sus propuestas estéticas e industriales.			
C19	Xestionar con eficacia a comunicación nas redes sociais.			
C21	Coñecer e aplicar as técnicas e procesos de produción e realización audiovisual nos formatos e soportes contemporáneos.			
C23	Analizar e implementar estratexias de márketing para o desenvolvemento, distribución e consumo de produtos audiovisuais e multimedia orientados ao mercado.			
D2	Comunicar por oral e por escrito na legua galega.			
D3	Sustentabilidade e compromiso ambiental. Uso equitativo, responsable e eficiente dos recursos.			
D4	Adaptarse aos cambios tecnolóxicos, empresariais ou organigramas laborais			

**Resultados previstos na materia**

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
		C19	D2
Nova			
2 - Planificar e xestionar os recursos humanos, orzamentarios e medios técnicos, nas diversas fases da produción dun programa informativo.			D2 D4
3 - Aplicar técnicas e procedementos da composición da imaxe na realización dun programa informativo, a partir do coñecemento das leis clásicas e dos movementos estéticos e culturais da historia da imaxe	B3 B6	C21	D3
4 - Escribir con fluidez, textos, escaletas ou guións para programas informativos.		C23	
5 - Diseñar e concibir a presentación estética e técnica da posta en escena a través das fontes lumínicas e acústicas naturais ou artificiais, atendendo as características creativas e expresivas	B4	C13	D3
6 - Interpretar e construír o ambiente sonoro dunha produción audiovisual para vídeo ou TV, atendendo a intención do texto e da narración.		C19 C21	
7 - Empregar adecuadamente ferramentas tecnolóxicas, especialmente informáticas, nas diferentes fases do proceso de realización audiovisual.		C19 C21	
8 - Interpretar os cambios empresariais, mostrar capacidade de traballar en equipo, asumir riscos e tomar decisións de autocrítica e conciencia solidaria			D2 D4

**Contidos**

Tema	
------	--

## BLOQUE 1: Os CONTIDOS NOS INFORMATIVOS

1.- As noticias e a televisión. A estrutura dunha televisión. Os informativos na grella de televisión. A estrutura dun equipo de informativos: redacción, realización e produción.

2.- A noticia. Concepto, obxectividade, veracidade e verdade. Características da linguaxe audiovisual. Xéneros (tipos) nun telexornal. Formatos de noticias. Desafíos do informador audiovisual. Os enfoques.

3.-Formatos de informativos: Flash. Avance. Boletín. Telexornal. Especiais informativos. Os informativos temáticos

4.-A \*escaleta. Rutinas de traballo: axenda, reunións previas á \*escaleta. . \*Escalaleta: valor, estrutura e datos esenciais. Criterios de \*noticiabilidade. Criterios de ordenación de noticias na \*escaleta.

5.- A xestión da noticia. As fontes. Documentación, valoración e comprobación. Traballo de campo-recollida de información. Xestións de produción e realización. Xestión de imaxes: gravación, arquivo, \*grafismo e compra.

6.- A elaboración da noticia. Características da redacción da noticia televisiva. Imaxe, texto e son. A \*dramaturgia audiovisual. Estrutura da noticia: \*entradilla, texto e \*insertos ou []totais[]. Montaxe-emisión-tempo.

7.- Calidades do informador audiovisual. A \*locución. A presentación. A aparencia. Linguaxe corporal, medio e contexto.

8.-Información en vivo: Documentación e planificación. A información en directo. Caseta \*Up e funcións. O espazo. A presenza do informador. Criterios de directo. A reportaxe en directo. As retransmisións.

9.- Xéneros informativos dialogados: A entrevista como xénero. O debate. O faladoiro.

10.- Xéneros informativos relatados. A crónica. A reportaxe \*noticioso. O \*docu- show, \*Docu-\*Reality. A gran reportaxe ou []\*documentaxe[].

11.- TV e novos medios: a televisión por internet. A \*Tv por móbil e dispositivos persoais (A información na e-televisión).

---

## BLOQUE 2: PRODUCCIÓN E REALIZACIÓN DE INFORMATIVOS

1.- A produción: conceptos xerais. Modalidades de produción. O produtor: funcións e capacidades. O equipo de produción: compoñentes e funcións. Organización da produción.

2.- A realización: Conceptos xerais. Modalidades de la Realización. O director □ realizador. Funcións e capacidades. O equipo de realización, compoñentes e funcións. Planificación da realización.

3.- Equipos técnicos e humanos. O estudo de televisión: distribución física. A sala de control: imaxe, son e iluminación. A entrada de sinais, o almacenamento e a recuperación. Funcións básicas da mesa de realización. Equipo técnico, persoal de informativos e persoal de produción. Áreas de apoio no estudo: decoración, maquillaxe e vestiario.

4.- Modalidades de realización. Produción-transmisión. Soporte de produción. Lugar de gravación. Natureza da imaxe. Tipos de produción. Estilos de produción. Elaboración de \*escaletas. Planificación e organización do traballo: da localización á emisión. Realización en estudo: particularidades, funcións do realizador, equipo de realización e outros equipos técnicos; tecnoloxía e métodos operativos específicos. Realización en exteriores: peculiaridades da gravación e transmisión, equipos humanos e equipamento técnico específico, tipos de realización en exteriores: \*ENG, \*PEL e unidades móbiles.

5. Técnicas de realización e produción \*monocámara. A cámara de vídeo. Compoñentes e controis. Soportes. Técnicas operativas. Realización e produción de noticias. Realización e produción de reportaxes.

6.- Técnicas de realización e produción \*multicámara. A organización e planificación da produción. Rutinas e ordes de traballo. Estudos de produción. O estudio e o control de realización. A entrada de sinais, o almacenamento e a recuperación. Funcións básicas da mesa de realización. Salas técnicas e auxiliar. Gravación, edición, \*posproducción e \*grafismo.

7.- Realización de programas informativos. Informativos diarios (telexornais). Preparación e planificación, \*escaletas e \*minutados. Rutinas de traballo e xestión operativa. Realización de reportaxes e programas informativos non diarios. Realización de entrevistas e debates: posta en escena, planificación, colocación de cámaras e estratexias de realización.

## BLOQUE 3: A ILUMINACIÓN EN INFORMATIVOS

1.- A iluminación en estudio. Informativos. Entrevistas. Debates.

2.- Iluminación para \*ENG. Gravación con luz de exteriores. \*Graabción de noite. Gravación con luz interior.

## BLOQUE 4: O SON EN INFORMATIVOS

1.- A montaxe sonora. \*Presets de audio dunha estación de montaxe. Pistas internacionais e de \*locución na montaxe dunha noticia. A banda internacional nunha noticia e nunha reportaxe.

2.- Indicadores sonoros. A sintonía. Refachos e \*separadores. O emprego da música en programas informativos.

3.- Son para equipos \*ENG: \*microfonía, configuración de equipos, axuste de niveis, definición de formatos, traslado e coidado de materiais.

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas	0	60	60
Prácticas de laboratorio	50	0	50
Presentación	30	0	30
Aprendizaxe baseado en proxectos	0	110	110
Lección maxistral	20	0	20
Práctica de laboratorio	0	15	15
Exame de preguntas obxectivas	0	15	15

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas	O alumno de maneira individual e en equipo desenvolverá os guións, a planificación e a produción necesaria para a realización do seu informativo.
Prácticas de laboratorio	O alumno desenvolverá en equipos de traballo todo a material necesario para a elaboración dun informativo: noticias, colas, reportaxes, entrevistas...
Presentación	Os alumnos exporán na aula os traballos realizados para a elaboración do informativo: noticias, reportaxes... que serán correxidos atendendo a cada un dos bloques que compoñen a materia.
Aprendizaxe baseado en proxectos	O alumno en equipos de traballo e de maneira individual plainficará e porá en funcionamento o seu propio informativo atendendo a súa escaleta.
Lección maxistral	Clases de teoría sobre os coñecementos básicos que debe adquirir o alumno para o desenvolvemento de guións e a realización e produción audiovisual de informativos.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	En tutorías
Prácticas de laboratorio	Con referencias do profesor

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Resolución de problemas	Avaliación continua individual do alumno no desenvolvemento dos traballos individuais e en equipo. Guión, produción e realización de noticias para informativos.	15	B3	C19 C21	D3
Prácticas de laboratorio	Avaliación dos traballos prácticos e proxectos que vai resolvendo o alumno durante o curso. Guión, produción e realización de reportaxes e entrevistas.	35	B3 B4	C13 C19 C23	D2 D3
Práctica de laboratorio	Guionización, produción, realización e montaxe de programas informativos completos.	25	B3 B4	C13 C19 C21 C23	D2 D3 D4
Exame de preguntas obxectivas	Exame final dos contidos teóricos incluídos no programa da materia	25	B6	C19	

### Outros comentarios sobre a Avaliación

#### O alumno poderá optar a dous tipos de cualificación: avaliación continua e avaliación global

##### 1- Avaliación continua:

A asistencia as clases teóricas e prácticas é totalmente obrigatoria. Para obter o aprobado é necesario superar a metade da porcentaxe do exame teórico, do exame práctico e das prácticas obrigatorias. Será motivo de avaliación negativa a copia, o plaxio, a reprodución de obras creativas de outros autores ou non participar co seu equipo nalgunha das prácticas.

Aplicaranse as porcentaxes e conceptos anteriores (Resolución de problemas, Prácticas I, Prácticas II, examen final). A nota final será a nota media dos 4 apartados, segundo as súas porcentaxes relativas. Conservaranse as cualificacións das partes aprobadas para a seguinte convocatoria.

Na segunda oportunidade aplicaranse os mesmos criterios. Todos os detalles referidos á avaliación continua, Prácticas I, Prácticas II, examen final cos seus correspondentes calendarios de entrega, os criterios de corrección, así como as cualificacións, publicaranse na plataforma MOOVI. Será responsabilidade do alumno estar ao cabo desta información, xa que non se facilitará por ningún outro medio.

##### 2 - Avaliación global:

De conformidade co disposto no Regulamento de avaliación, cualificación e calidade docente e no proceso de aprendizaxe do alumnado, o estudante que non opte pola modalidade de avaliación continua terá dereito a unha proba global nas datas que determine a Facultade. Será unha única proba que permitirá ao alumnado cualificar entre 0 e 10, igual que na avaliación continua.

Esta posibilidade deberá ser solicitada expresamente polo estudante, con antelación e seguindo os trámites que determine o Decanato da Facultade, e suporá a anulación automática de todas as cualificacións obtidas pola modalidade de avaliación continua.

O devandito procedemento poderase consultar na plataforma MOOVI. Non se admitirán solicitudes transcorrido o prazo



establecido e, unha vez recoñecido o dereito, non se poderá desistir do mesmo.

As probas realizaranse na data e hora oficialmente establecidas pola Facultade. Como norma xeral, a duración desta proba oficial é de dúas horas. Para a avaliación global, cada alumno necesitará 3 horas adicionais (5 desde o inicio da proba) para realizala. Constará do seguinte:

- 1º - **Exame teórico práctico** (30% da nota). Exame de preguntas de desenvolvemento e de índole práctica na que se plantexarán cuestións relacionadas cos contidos tratados na lección maxistral e que estará a disposición dos alumnos/as na plataforma Moovi
- 2º - **Entrega Traballos/Pezas** (30% da nota). Similar á proposta na avaliación continua. O alumno entregara o día da proba final de avaliación todas as pezas de emisión e todos os traballos que os alumnos que cursan o modelo de avaliación continua deben ir guionizando, producindo, realizando, editando e posproducindo ao longo do curso para a súa posterior utilización nos diferentes informativos que realicen ao longo do curso.
- 3º - **Proba Práctica** (40% da nota). Realización dunha proba de carácter práctico para a realización dun ou varios informativos. Dita proba práctica poderá consistir na resolución dun suposto práctico. Esta proba realizarase despois do exame teórico e terá unha duración máxima de 3 horas.

A nota final será a nota media das 3 partes, segundo as súas correspondentes porcentaxes.

Na **segunda oportunidade (xullo)** aplicaranse os mesmos criterios.

Todos os detalles da estrutura do exame, as especificacións de traballos e prácticas, o calendario de entrega, os criterios de corrección, así como as cualificacións, publicaranse na plataforma MOOVI. Será responsabilidade do alumno estar atento a esta información, xa que non se facilitará por ningún outro medio. Calquera aspecto non previsto nesta guía resolverase en función do citado **Regulamento de avaliación, cualificación e calidade da ensinanza e do proceso de aprendizaxe do alumnado:**

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/show/565>

---

## **Bibliografía. Fontes de información**

### **Bibliografía Básica**

CASTILLO, J.M., **Televisión y lenguaje audiovisual**, IORTV,

MILLERSON, Gerald, Realización y Producción en Televisión,, **Realización y Producción en Televisión**, IORTV, 2001

SAINZ, Miguel, Manual Básico de Producción en Televisión,, **Manual Básico de Producción en Televisión**, IORTV, 1995

BROWN, B., **Iluminación en cine y televisión**, Andoain, Escuela de cine y vídeo,

### **Bibliografía Complementaria**

BARROSO, Jaime., **Realización de los géneros televisivos.**, Síntesis, 1995

SIMPSON, Robert S., **Control de la iluminación: tecnología y aplicaciones**, Andoain, Escuela de Cine y Vídeo, 2004

ZABALETA URKIOLA, Iñaki., **Tecnología de la información audiovisual: sistemas y servicios de la radio y televisión digital y analógica por cable, satélite y terrestre**, Bosch, 2003

Javier Mayoral e outros, **Redacción periodística en televisión**, Síntesis, 2008

---

## **Recomendacións**

**DATOS IDENTIFICATIVOS****Desenvolvemento de proxectos web**

Materia	Desenvolvemento de proxectos web			
Código	P04G071V01403			
Titulación	Grao en Comunicación Audiovisual			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	4	1c
Lingua de impartición	#EnglishFriendly Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Martínez Rolán, Luís Xabier			
Profesorado	Martínez Rolán, Luís Xabier			
Correo-e	xabier.rolan@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Unha introdución á programación multimedia e interactiva de aplicacións web que inclúan texto, imaxe, animación, son e vídeo.			

**Resultados de Formación e Aprendizaxe**

Código				
B3	Aplicar técnicas e procedementos da composición da imaxe aos diferentes soportes audiovisuais, a partir do coñecemento das leis clásicas e dos movementos estéticos e culturais da historia da imaxe.			
B4	Expoñer os resultados dos traballos académicos de maneira escrita, oral ou por medios audiovisuais ou informáticos de acordo aos canons das disciplinas da comunicación.			
C23	Analizar e implementar estratexias de márketing para o desenvolvemento, distribución e consumo de produtos audiovisuais e multimedia orientados ao mercado.			
D2	Comunicar por oral e por escrito na legua galega.			
D3	Sustentabilidade e compromiso ambiental. Uso equitativo, responsable e eficiente dos recursos.			
D4	Adaptarse aos cambios tecnolóxicos, empresariais ou organigramas laborais			

**Resultados previstos na materia**

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Coñecer as linguaxes básicas de xeración e programación de documentos Web.	B3	C23
Coñecer e organizar os diferentes formatos de texto, imaxe, animación, son e vídeo que forman parte dun documento web interactivo.	B3	
Analizar as necesidades dun proxecto multimedia e destreza para optimizar recursos e implementar solucións técnicas aos diferentes requisitos do proxecto.		C23
Aplicar técnicas modernas de deseño, adaptadas á xeración de documentos web e sistemas de xestión de contidos (CMS).	B3	
Aplicar as técnicas e procesos de produción de proxectos web, en todas as súas fases, desde o punto de vista da organización e xestión dos recursos técnicos, humanos e orzamentarios necesarios.	B4	D2
Habilidade para investigar, redactar e presentar informes e traballos relacionados coa comunicación en rede.		D3 D4

**Contidos**

Tema		
Introdución aos conceptos fundamentais dunha Obra Audiovisual Multimedia e a Web.	Evolución tecnolóxica e social da web, dos precedentes e do seu estado actual	
Análise e deseño de proxectos web.	Consultoría e auditoría web. Arquitectura cliente-servidor. Negos e perspectiva de xénero no desenvolvemento de proxectos web	
Linguaxes de desenvolvemento de proxectos web.	Linguaxes orientadas a servidor: php Linguaxes orientadas a cliente: html, css, javascript Uso de intelixencias artificiais no deseño web	
Métodos para a definición, desenvolvemento e avaliación de proxectos web.	Deseño da información Deseño de navegación Deseño web Usabilidade	

Sistemas de Xestión de Contidos (CMS) para o desenvolvemento de proxectos web.	As diferentes opcións existentes na actualidade. Creación de contidos con CMS Inserción de funcionalidades con CMS Maquetación e aparencia gráfica con CMS
Posicionamiento SEO y Analítica Web	SEO e SEM A analítica de datos Toma de decisións estratéxicas en proxectos web

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	22.5	18	40.5
Estudo de casos	4.5	4	8.5
Resolución de problemas	17	77	94
Exame de preguntas obxectivas	1	1	2
Simulación ou Role Playing	5	0	5

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición en clase dos contidos teórico-prácticos da materia, xunto aos correspondentes exemplos e debate sobre as súas propiedades e características
Estudo de casos	Análise e discusión de páxinas web: da súa estrutura, estética e contidos
Resolución de problemas	Proposta e resolución de actividades prácticas ao longo do curso, que consistirán en breves exercicios de produción e programación multimedia e interactiva

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	Os alumnos poderán establecer contacto co profesor ben de forma presencial no horario de tutorías asignado ou ben a través da plataforma online que o docente utilice para a impartición online da materia, así como no horario habitual de clase
Estudo de casos	Os alumnos poderán establecer contacto co profesor ben de forma presencial no horario de tutorías asignado ou ben a través da plataforma online que o docente utilice para a impartición online da materia, así como no horario habitual de clase

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Resolución de problemas	O alumno, para demostrar a súa comprensión dos conceptos teóricos explicados realizará diferentes traballos de análises e elaboración de proxectos web.	40		
Exame de preguntas obxectivas	Proba teórica sobre os contidos da materia	20	C23	
Simulación ou Role Playing	Exercicio de simulación real. O alumnado distribúese en grupos, ofréceselle un briefing e deben elaborar nunha xornada continúa establecida polo docente unha web completamente funcional	40	B3 B4	D2 D3 D4

### Outros comentarios sobre a Avaliación

"Outros comentarios sobre a Avaliación"

1.- Consideracións sobre a avaliación continua.

O/a estudante cursa avaliación continua por defecto.

Para superar a materia é preciso obter un mínimo do 50% da puntuación de cada unha das metodoloxías/probas indicadas. No caso de non obter a puntuación mínima, o alumno/a non superará a materia, e figurará como suspenso nesa convocatoria coa nota menos lesiva para o seu expediente.

Non se fai media de ningún apartado se non se obtén a puntuación mínima (50% do total de cada metodoloxía). Excepcionalmente, no caso do exame de preguntas obxectivas, é preciso que o alumnado obteña unha puntuación mínima do 40% para poder facer media co resto de metodoloxías, que si deberán ser superadas co 50% da nota mínima.

A asistencia é obrigatoria, tanto á teoría como ás clases prácticas. Os estudantes deben asistir con regularidade á materia (mínimo un 80% das clases), no caso de non superar esa cifra, perderán o dereito a ser avaliados na primeira convocatoria.

Na segunda convocatoria e sucesivas, a proba de resolución de problemas terá un peso do 40% e non se avaliará o traballo titorizado.

## 2.- Descrición concisa da segunda oportunidade.

O/a estudante que curse avaliación continua deberá superar en segunda convocatoria todas aquelas metodoloxías ou probas que non superase co 50% da puntuación mínima en primeira convocatoria.

O/a estudante que curse avaliación global deberá someterse en 2ª convocatoria ás mesmas condicións descritas na avaliación global. Isto é, terá o mesmo sistema de avaliación descrito no punto 3 destas instrucións.

A efectos de coordinar a segunda oportunidade, o alumnado que deba someterse a esta avaliación deberá contactar co docente responsable da memoria, quen establecerá as probas pertinentes ben sexa en Moovi, ou de forma física durante a data establecida e aprobada en Xunta de Facultade.

As condicións de segunda oportunidade descritas aquí aplícanse para o resto de convocatorias sucesivas.

## 3.- Descrición concisa da avaliación global.

O/a estudante que así o desexe e solicite formalmente de acordo co prazo e mecanismos establecidos polo decanato terá dereito á avaliación global. A tal efecto, convén revisar a información facilitada polo centro.

A proba de avaliación global efectuarase na data establecida polo centro e aprobada en Xunta de Facultade e avaliará de forma sistemática todas as metodoloxías e probas establecidas na guía docente, e terá unha duración total de 5h.

O/a estudante que efectúe a avaliación global realizará o mesmo exame de preguntas obxectivas que os estudantes que cursan avaliación continua. A nota global do exame teórico terá o mesmo peso proporcional. É preciso obter o 50% da puntuación acadada para poder facer media coa proba práctica. A duración do exame teórico é de 1h

O exame ten un carácter eliminatorio. Se non se supera o 50% da puntuación mínima non se poderá realizar a seguinte parte da avaliación.

Trala realización do exame dará comezo ás probas que avaliarán a parte práctica.

Dita parte da avaliación efectuarase presencialmente na facultade no espazo habilitado a tal efecto, e contará coas seguintes partes:

Un suposto práctico que avalíe a metodoloxía de resolución de problemas, cunha cualificación do 40%, cunha duración de 1h, de carácter eliminatorio. É preciso obter unha puntuación mínima do 50% para poder superar esta parte da proba e realizar a seguinte parte.

Tras un recesso de 15 minutos, continuará a proba práctica cun exercicio de simulación ou Role Playing de 3h de duración na que o estudante deberá armar unha web perfectamente funcional a partir dun breafing dado polo/a docente.

Para a realización da parte práctica non é posible empregar os equipos persoais do alumnado nin consultar a documentación da materia en Moovi. Calquera das violacións destas condicións anulará a proba a realizar.

## 4.- Outras consideracións

\_Para todo o non contemplado e/ou detallado nesta guía, tomarase como referencia as indicacións do REGULAMENTO SOBRE A AVALIACIÓN, A CALIFICACIÓN E A CALIDADE DA DOCENCIA E DO PROCESO DE APRENDIZAXE DO ESTUDANTADO (Aprobado no claustro do 18 de abril de 2023). \_

A guía docente presenta o plantexamento xeral da asignatura. Por motivos de extensión e ante a imposibilidade de subir documentación complementaria na plataforma Docnet, os detalles máis concretos xestionaranse a través da plataforma Moovi.

## Bibliografía Básica

- Aubry, Christophe, **HTML5 y CSS3 para sitios con diseño web responsive**, Eni Ediciones, 2014
- Castells, Manuel, **La Transición en la sociedad en red**, Ariel, 2007
- MacDonald, Matthew, **Creación y diseño web**, Anaya Multimedia, 2016
- Matarazzo, Denis, **Aprenda los lenguajes HTML5, CSS3 y JavaScript para crear su primer sitio web**, Eni Ediciones, 2015
- Aubry, Christophe y Van Lancker, Luc, **HTML5 y CSS3 - Domine los estándares de la creación de sitios Web**, 3ª, ENI, 2017
- Rull, Luís; Valdivia, Rocío, **WORDPRESS PARA DUMMIES**, CEAC, 2012
- Martínez Rolán, Xabier, **Diseño de páginas web. WordPress para todos los públicos,**, Editorial UOC, 2019

## Bibliografía Complementaria

- Beati, Hernan, **El gran libro del PHP: Creacion de páginas web dinámicas**, Marcombo, S.A, 2012
- Caumont, Stéphanie □ Kandjian, Francis □ Talazac, Fabrice, **Google AdWords: la guía completa**, Eni Ediciones, 2014
- Chardonneau, Ronan y Prat, Marie, **Posicionamiento y análisis del tráfico de su sitio web con Google Analytics (2a edición) (Pack dos libros)**, Eni Ediciones, 2014
- Elósegui Figueroa, Tristán y Muñoz Vera, Gemma, **Marketing Analytics**, Anaya Multimedia, 2015
- Eric Schmidt, Jared Cohen, **El futuro digital**, Anaya Multimedia, 2014
- Guérin, Brice-Arnaud, **Gestión de proyectos informáticos - Desarrollo, análisis y control**, 2ª, Eni Ediciones, 2015
- Heurtel, Olivier, **PHP y MySQL - Domine el desarrollo de un sitio web dinámico e interactivo**, 2ª, Eni Ediciones, 2014
- Heurtel, Olivier, **PHP 5.6 - Desarrollar un sitio web dinámico e interactivo**, Eni Ediciones, 2015
- Kaushik, Avinash, **Analítica WEB 2.0: El arte de analizar resultados y la ciencia de Centrarse en el cliente**, Ediciones Gestión 2000, 2011
- Lancker, Luc Van, **jQuery El framework JavaScript de la Web 2.0 (2a edición)**, Eni Ediciones, 2014
- Lassooff, Mark, **JAVASCRIPT: Técnicas esenciales**, Anaya Multimedia, 2013
- Maciá Domené, Fernando; Gosende Grela, Javier, **Posicionamiento en buscadores**, Anaya Multimedia, 2012
- McFarland, David Sawyer, **JavaScript y jQuery**, Anaya Multimedia, 2012
- Muñoz Vera, Gemma; Elósegui Figueroa, Tristán, **El arte de medir: Manual de analítica Web**, Profit Editorial, S.L,
- Nielsen, Jacob y Pernice, Kara, **Técnicas de Eyetracking para usabilidad WEB**, Anaya Multimedia, 2010
- Pisani, Francis y Piotet, Dominique, **La alquimia de las multitudes. Cómo la web está cambiando el mundo**, Paidós, 2008
- Prat, Marie, **SEO - Posicionamiento de su sitio web en Google y otros buscadores**, Eni Ediciones, 2014
- Vigouroux, Christian, **Aprender a desarrollar con JavaScript**, Eni Ediciones, 2015
- Prat, Marie, **Posicionamiento web - Estrategias de SEO - Google y otros buscadores**, 4ª, ENI Ediciones, 2016
- Aubry, Christophe y Van Lancker, Luc, **jQuery - El framework JavaScript para sitios dinámicos e interactivos**, 3ª, Eni, 2017
- CHARDONNEAU, Ronan COUTANT, Maxime y SOULIER, Pierre, **Google Analytics**, 3ª, ENI, 2017
- Gauchat, Juan Diego, **EL GRAN LIBRO DE HTML5, CSS3 Y JAVASCRIPT**, 3ª, Marcombo,
- Arce Anguiano, Francisco Javier, **DESARROLLO WEB CON HTML5**, 1ª, Marcombo,
- Torres Remon, Manuel Ángel, **DISEÑO WEB CON HTML5 Y CSS3**, 1ª, Marcombo,
- Lasa Gómez, Carmen; Álvarez García, Alonso y Heras del Dedo, Rafael de las, **Metodos ágiles: scrum, kanban, lean**, Anaya Multimedia, 2017
- Williams, Robin, **Diseño gráfico. Principios y tipografía**, Anaya Multimedia, 2015
- Pérez de Silva, J., **La nueva producción audiovisual en la era de Internet: la tercera revolución industrial**, Gedisa, 2000
- Maitane Valdecantos Flores, **Legalidad de los negocios digitales**, Anaya Multimedia,
- Antonio Fagundo, Rubén Bastón, Valentín Hernández, **Ecommerce. Cómo montar una tienda online... ¡y que venda!**, Anaya Multimedia,
- Iñaki Gorostiza Esquerdeiro, Asier Barainca Fontao, **Data Analytics. Mide y Vencerás**, Anaya Multimedia,
- Tellado, Fernando, **1001 Trucos WordPress**, Anaya Multimedia, 2021

## Recomendaciones

**DATOS IDENTIFICATIVOS****Análise e crítica audiovisual**

Materia	Análise e crítica audiovisual			
Código	P04G071V01404			
Titulación	Grao en Comunicación Audiovisual			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Comunicación audiovisual e publicidade			
Coordinador/a	Ramahí García, Diana			
Profesorado	Ramahí García, Diana			
Correo-e	dramahi@uvigo.gal			
Web				
Descrición xeral	A materia oriéntase a ofrecer un achegamento teórico e pragmático á crítica audiovisual como disciplina, no sentido amplo do termo, tal e como se emprega noutras artes consolidadas, dende o seu xurdimento ata a actualidade.			

**Resultados de Formación e Aprendizaxe**

Código	
B1	Coñecer as características esenciais da comunicación, os seus elementos e os seus resultados.
B3	Aplicar técnicas e procedementos da composición da imaxe aos diferentes soportes audiovisuais, a partir do coñecemento das leis clásicas e dos movementos estéticos e culturais da historia da imaxe.
B4	Expoñer os resultados dos traballos académicos de maneira escrita, oral ou por medios audiovisuais ou informáticos de acordo aos canons das disciplinas da comunicación.
B5	Coñecer os valores constitucionais, principios éticos e normas deontolóxicas aplicables á comunicación audiovisual, en especial as relativas á igualdade de homes e mulleres, á non discriminación de persoas con discapacidade e ao uso non sexista da imaxe feminina nos medios de comunicación de masas.
B7	Asumir riscos expresivos e temáticos, aplicar solucións e puntos de vista persoais no desenvolvemento dos proxectos
C13	Conocer la historia y evolución del lenguaje y géneros audiovisuales a través de sus propuestas estéticas e industriales.
C14	Coñecer e aplicar os recursos, métodos e procedementos empregados na construción e análise dos relatos audiovisuais
D2	Comunicar por oral e por escrito na legua galega.

**Resultados previstos na materia**

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Identificar as principais correntes e escolas de crítica cinematográfica e televisiva.	B1	C13	
Describir a evolución histórica dos medios audiovisuais, tendo presente as condicións sociopolíticas e culturais da época en que xorden.	B3	C13 C14	
Describir e analizar a obra audiovisual, sobre todo, no nivel da súa estrutura narrativa.	B4		
Analizar e describir (temática, formal, estética e narrativamente) os relatos audiovisuais segundo os parámetros e métodos de análises.	B3 B7	C13 C14	D2
Interpretar e debater críticamente os contidos das obras audiovisuais.	B3 B7	C13	D2
Respectar, á hora de realizar a crítica, os distintos xéneros narrativos e o seu uso en producións audiovisuais doutras culturas e con outros valores sociais.	B5		
Mostrar sensibilidade pola conservación do patrimonio audiovisual xerado a través dos tempos	B5		

**Contidos**

Tema	
1. Fundamentos	1.1. A lectura das imaxes 1.2. As vías de aproximación ao texto fílmico
2. Concepto e función	2.1. O sentido crítico 2.2. A arte como crítica 2.3. A crítica como arte 2.4. O exercicio crítico
3. Formas	3.1. A palabra 3.2. A imaxe, o son

4. Historias	4.1. O tránsito do clasicismo á modernidade 4.2. A institucionalización do coñecemento cinematográfico 4.3. Mutacións do cine contemporáneo
5. Teorías	5.1. O realismo 5.2. A autoría e a posta en escena 5.3. A teorización 5.4. A politización 5.5. A recapitulación 5.6. O debate crítico contemporáneo

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	20	40	60
Estudo de casos	20	40	60
Traballo tutelado	6	15	21
Exame de preguntas obxectivas	2	5	7
Observación sistemática	2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do docente dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, das directrices dos traballos ou exercicios a desenvolver.
Estudo de casos	Análise de elementos coa finalidade de coñecerlos, interpretalos, reflexionar ou completar coñecementos, que neste caso concrétase na visualización e reflexión sobre obras audiovisuais.
Traballo tutelado	O alumnado debe realizar críticas sobre as obras indicadas e segundo as pautas definidas pola docente.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	O alumnado pode recibir asesoramento sobre o contido da materia ou o desenvolvemento das actividades en horario de clase e titorías.
Estudo de casos	O alumnado pode recibir asesoramento sobre o contido da materia ou o desenvolvemento das actividades en horario de clase e titorías.
Traballo tutelado	O alumnado pode recibir asesoramento sobre o contido da materia ou o desenvolvemento das actividades en horario de clase e titorías.
Probas	Descrición
Exame de preguntas obxectivas	O alumnado pode recibir asesoramento sobre o contido da materia ou o desenvolvemento das actividades en horario de clase e titorías.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Traballo tutelado	O alumnado debe realizar críticas sobre as obras indicadas e segundo as pautas definidas pola docente.	40	B1 B3 B4 B5 B7	C13 C14	D2
Exame de preguntas obxectivas	Proba de exame oral ou escrita.	40	B1	C13 C14	D2
Observación sistemática	Avaliación da presenza do alumnado na aula e participación activa nas sesións	20	B1 B3 B4 B5 B7		D2

### Outros comentarios sobre a Avaliación

#### AVALIACIÓN CONTINUA

Avaliación baseada na participación activa do alumno e na entrega dos traballos requiridos ao longo do curso. Avaliación global do proceso de aprendizaxe e adquisición de competencias e coñecementos a través de probas presenciais nas datas

oficiais aprobadas polo centro Será preciso obter polo menos un 50% da puntuación total de todas as partes avaliábeis para superar a materia.

## AVALIACIÓN GLOBAL

O alumnado deberá informar o docente da súa renuncia expresa ao sistema de avaliación continua no prazo establecido polo centro para tal fin, achegando cuberto e asinado o documento habilitado para tal fin.

A proba de avaliación global realizarase na data e horarios previstos polo centro no calendario de exames oficial. O estudante deberá superar todas e cada unha das probas de avaliación previstas que se detallan a continuación obtendo unha cualificación mínima do 50% en cada unha delas. Dada a extensión das probas o alumnado que se acolla a avaliación global deberá dispoñer de 4 horas para a realización das mesmas a partir da hora oficial de inicio do exame da materia segundo o calendario oficial.

### Breve descrición das probas

Proba 1. Exame de preguntas obxectivas. A proba ten un valor do 40% sobre o total da nota sendo preciso obter unha cualificación mínima do 50% da mesma para aprobar esta parte.

